


# Partido Galeguista. Declaración de Principios

Galicia  
1931



# Cataloguing data

**Title (English)**

Galicianist Party. Declaration of principles

**Title (original language)**

Partido Galeguista. Declaración de Principios

**Author(s) (Person(s))**

Álvaro das Casas, Alexandre Bóveda Iglesias, Ricardo Carballo (Carvalho) Calero, Ramón Castro del Río Plácido, Álvaro Cunqueiro Mora, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Francisco (Fuco) Gómez Gómez, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo (Outeiro Pedraio), Vicente Martínez Risco Agüero, Alfonso Manuel Rodríguez Castelao (Castelao), Ramón Suárez Picallo, Johán (Xoán) Vicente Viqueira, Antón Villar Ponte, Ramón Villar Ponte

**Date and place**

5 December 1931, Pontevedra

**Region(s)**

Galicia

**Language(s)**

Galician

**Type of document**

Policy proposal

**Reference Code**

GZ0002

**Keywords**

self-government, federalism, pacifism, internationalism

## Context

In December 1931 the Partido Galeguista de Pontevedra (Galicianist Party of Pontevedra), directed by Castelao and Alexandre Bóveda, called for a General Nationalist Assembly in order to create an all-Galician nationalist party. A total of 32 Galicianist organizations attended.

## Abstract

The political and ideological programme of the recently founded Partido Galeguista, proclaiming Galicia's right to self-government and demanding a Statute of Autonomy. Among others: anti-imperialism, federalism, international federalism, pacifism.

Galicia, pobo autónomo.- Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana.

Galicia, comunidade cooperativa.- A terra pra o Traballo; o traballo pra a Terra.

Galicia, célula de universalidade.- Anti-imperialismo, federalismo, federalismo internacional, pacifismo.

## PROGRAMA DE ACCIÓN 1931-32

### **I. Organización de Galicia**

1. Creación d-un organismo galego de base excrusivamente democrática e con facultades deliberantes pra rexir, con autonomía integral, os intereses da Galicia. Como aspiración mínima e inmediata, atribución a aquel orgaismo do máximu de facultades que a Constitución da República concede ós territorios autónomos.

2. Consequente supresión das Diputacións Provinciales.

3º Prena autonomía municipal, recoñecendo a persoalidade administrativa da parroquia rural e da comarca, con dereito a administración dos seus peculiares intereses.

4. Incorporación a Galicia das terras colindantes que teñan comunidade étnica, histórica e lingüística con ela, sempre que se determinen a elo por medio do plebiscito.

### **II.- Política**

1. Igualdade de dereitos políticos pra muller.

2. Prenitude de dereitos políticos pra os funcionarios.

3. Incapacidade dos que, podendo, non rindan función útil á colectividade, pra ser elixidos pra cargos políticos.

4. Estudo de unha fórmula que permita os emigrantes ter representación directa na organización política de Galicia.

5. Representación proporcioal, con grandes circunscripcións, pra elección da Diputación de Galicia.

6. Práctica das institucións de democracia directa -referéndum, recall, concello aberto-na organización política galega.

7. Adopción de procedimientos eficaces que eviten a corrupción electoral e o falseamento da vontade popular.

8. Control xurisdiccional sobre a actividade administrativa e fiscal do organismo galego e dos concellos.

9. Responsabilidade económica da administración pol-os danos que os seus axentes causen ós particulares no exercicio das funcións públicas.

### **III. Traballo**

1. Apricación a Galicia das normas internacionais da lexislación do traballo.

2. Recoñecimento de dereitos sindicais.

3. Réxime integral de seguro social, previsión e xusta participación familiar do traballo no beneficio.

4. Eliminación dos menores de 16 anos do traballo industrial e regramentación e vixilancia do seu traballo familiar, facéndoo compatíbre ca súa formación física e moral.

5. As escolas de traballo e os ingresos que as manteñen aferidos ó poder galego. Creación de escolas de orientación profesional.

### **IV. Problema agrario**

1. Creación de centros técnicos de investigación i-experimentación agrícola, forestal e pecuaria, con seccións adicadas á organización cooperativa, divulgación i-enseño directo.

2. Estacións pra ensaios de selección e alimentación animal. Escola Veterinaria.

3. Medidas lexislativas que favorezan a organización cooperativa e a sindicación facilitando a adopción de métodos de mellora e selección agrícola e ganadeira e o fomento do creto agrario.

4. A repoboación forestal patrimonio de Galicia. Repoboación intensiva dos montes comunales pol-o organismo galego e creación e fomento de zonas de pastoreo. Sindicación forzosa pra a repoboación dos montes de propiedade privada. Protección da industria madeira. Seguro forestal.

5. Medidas lexislativas i-económicas que intensifiquen a electrificación rural.

6. Regramentación da edificación rural en orde á hixiene e de acordo co arte paisán e cas comenencias locais. Concursos que movan o estudo e divulgación de pranos pra construcións modelo. Estímulos económicos pra a súa execución.

7. Libre importación do millo, namentras o consumo da poboación e o cambio hacia unha alimentación mais racional do gando así o esixan.

8. Escolas rurales de formación campesiña que soergan a comunidade aldeán fomentando o espírito comunal, inculcando o apego ó chán nativo e sentando unha ampria base de cultura técnica e agraria.

9. Regulación da propiedade rural tendendo a libertala de toda carga pra quen a traballa:

a) Arrendamentos.- Limitación do dereito de propiedade sobre fincas arrendadas a traballadores do campo, i-estímulo pra a súa liberación: dereito de retracto, axuda económica, participacións nas melloras.

b) Foros. -Liquidación do problema foral mediante a extinción forzosa das rendas sin que se faga a costa do pequeno propietario rural.

c) Concentración parcelaria. -Disposicións que impidan a excesiva fragmentación do chan nas transmisións de propiedade.

d) Creto real. -Implantación do sistema Torrens de mobilización, rexistro e seguro da propiedade inmobre. Banco agrícola cooperativo.

10. Consideración da terra como instrumento de traballo pra os pequenos propietarios: declaración de esención da contribución por rústica a favor d-eles, si xustifican non ter outros medios de fortuna que a retribución do traballo manual. Inembargabilidade dos predios nas mesmas condicións.

11. Consideración dos edificios e vivendas rurales como accesorios da terra que cultivan os seus habitantes e abolición da contribución urbana que as grave.

## **V. Fomento pesqueiro**

1. Retorno ós principios colectivistas tradicionaes no réxime económico da pesca galega, por via da cooperativa especificamente peixeira con ourentación técnica e social.

2. Creation of fish farms to repopulate Galician rivers.

3. Repopulation of the “ rias” with established species, industrialising their use.

4. Tax reduction for raw materials in the fishing and canning industries.

5. Creation of large modern fishing ports and small refuge harbours.

6. Protection of new industries dedicated to large scale fishing.

7. Fishing schools. Coastal laboratory. Meteorological and radio operation stations.

## **VI. Política Fiscal**

1. Deslinde do rexime fiscal do Estado, do poder autónomo e dos municipios.
2. Supresión do 20 por 100 de propios e do 10 por 100 de aproveitamentos forestales e total-as consignacións dos presupostos municipaes que sosteñan servicios alleos ós concellos ou ás suas mancomunidades.
3. Supresión do imposto de cédulas persoales e creación de un carnet de identidade que as substituya.
4. Creación de un imposto progresivo sobre a renda.
5. Dereito de espropiación a favor do organismo galego nos casos de ocultación fraudulenta.

## **VII. Cultura**

1. Soberanía de Galicia sobre o seu patrimonio cultural e artístico.
2. Soberanía de Galicia pra determinar a orientación das suas institucións pedagóxicas
3. Galeguización do ensino.
4. Dereito indiscutible ó emprego do noso idioma e cooficialidade co castelán.

## **VIII. Problemas xurídicos**

1. Recoñecimento das modalidades do dereito civil galego: compañía familiar, dereito sucesorio, etc., etc.
2. Igualdade de dereitos civiles pra a muller casada no caso de emigración do marido.
3. A función dos tribunaes de xusticia rematará en derradeiro recurso en Galicia nos casos de aplicación da lexislación galega.
4. Amplitude do dereito de espropiación que se faga posibre a socialización de riquezas naturais i-empresas económicas e unha extensa municipalización de servicios públicos.

Galicia de Nadal de 1931

Diliname is a digital library dedicated to preserving, disseminating, and providing access to historical documents that shaped key moments of the XIX and XX century. It aims to offer historical context for contemporary political and institutional developments.

Discover new docs at [www.diliname.eu](http://www.diliname.eu)